

## **CONTRATACIÓN DUN ESTUDIO SOBRE AS CARACTERÍSTICAS DA IMPLANTACIÓN DO SISTEMA DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS NOS MUNICIPIOS DE GALICIA DENDE O PUNTO DE VISTA DA COMPETENCIA.**

### **INFORME SOBRE PROCESO DE ADXUDICACIÓN E OFERTAS PRESENTADAS**

A Lei 6/2004, do 12 de xullo de 2004, reguladora dos órganos de defensa da competencia de Galicia, creou o Tribunal Galego de Defensa da Competencia, organismo autónomo de carácter administrativo dotado de personalidade xurídica e presuposto propio con capacidade de obrar e plena independencia no exercicio das súas competencias, que ten como fin xeral preservar o funcionamento competitivo dos mercados no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, garantindo a existencia neles dunha competencia efectiva.

O 19 de marzo de 2007 foi ditada polo presidente do TGDC resolución pola que se anunciaba a convocatoria para a contratación dun estudo sobre as características da implantación do sistema de inspección técnica de edificacións nos municipios de Galicia dende o punto de vista da competencia.

O citado contrato, tipificado como de consultaría e asistencia, ten un presuposto base de licitación inferior a 12.020,24 € e unha duración inferior a un ano, polo que, de conformidade cos artigos 56 e 201 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, Lei de Contratos das Administracións Públicas, ten a consideración de contrato menor.

Non obstante o anterior, e co obxectivo de fomentar a transparencia e incrementar o número de potenciais concorrentes, este organismo considerou axeitado dar maior publicidade á proposta de contratación, conforme o establecido no artigo 10º. 2 segundo parágrafo da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega (DOG 14 de xullo de 2006).

Para iso o día 29 de marzo de 2007 inseriuse no Diario Oficial de Galicia publicidade da contratación, na que se facía referencia á posibilidade de consultar o texto íntegro do anuncio de contratación na nosa páxina Web [www.tgdcompetencia.org](http://www.tgdcompetencia.org).

Posteriormente tamén foron enviados convites formais por correo electrónico a distintos departamentos das universidades galegas e a empresas consideradas como potenciais contratantes.

Dentro do prazo de presentación de ofertas, que rematou o día 13 de abril de 2007, recibíronse as presentadas polos seguintes licitadores:

- IDEARA, S.L.

- PROXECTOS, CONSULTORÍA E FORMACIÓN, S.L.

Valoradas estas ofertas de acordo cos criterios establecidos no punto 11 da resolución de convocatoria da contratación resultou o seguinte:


Empresas	Proposta económica e puntuación (Máx. 4)	Prazo de execución e puntuación (Máx. 1)	Calidade Técnica e puntuación (Máx. 5)	Puntuación final (Máx. 10)
IDEARA	9.650 €	3 meses		
	0,3	1,0	3,0	4,3
PROXECTOS, Consultoría e Formación, S.L.	9.700 €	5 meses.		
	0,3	0,3	3,0	3,6

De conformidade co anterior considerouse a oferta presentada por IDEARA como a máis axeitada.

Polo tanto o presidente do TGDC, órgano de contratación deste organismo, efectúa resolución do 4 de maio de 2007 adxudicando o contrato para a confección do estudo sobre as características da implantación do sistema de inspección técnica de edificacións nos municipios de Galicia dende o punto de vista da competencia á empresa IDEARA, S.L.. A contratación é efectuada por un importe de 9.650 € e prazo de execución de 3 meses.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2007

O secretario xeral



José Antonio Rodríguez Míguez